

(Inserir símbolo da entidade)

Resolución do 29 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral da Emigración pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións correspondentes aos programas de apoio infraestrutural e adquisición de equipamentos ás entidades galegas no exterior e se procede a súa convocatoria para o ano 2024

PROGRAMA A :Axudas para obras, adquisición de instalacións e conservación do patrimonio cultural

MEMORIA EXPLICATIVA

Co fin de mellorar as instalacións a ("*nome da entidade*") ten previsto realizar a seguinte actuación:

Reforma dos aseos

É necesario levar a cabo a reforma dos aseos da sede da entidade para permitir o seu uso ás persoas con mobilidade reducida e dar cumprimento á normativa vixente nesta materia.

A obra consiste en derribar os dous aseos pequenos que existen na actualidade e construír un novo de maior tamaño, coas medidas e elementos necesarios para cumprir a normativa de accesibilidade.

Os traballos previstos son: derribo de tabiques, retirada e cambio de cerámica nas paredes e modificación do chan, ampliación do espazo orixinario destinado o aseo, substitución de tuberías, colocación de novos sanitarios, montaxe de porta corredeira e nova instalación eléctrica, e demais accións que se indican no orzamento que se achega.

Acompañamos fotografías do estado actual que permitan unha mellor identificación do que se vai executar. A este respecto, na presentación da memoria xustificativa incluíranse novas fotografías que permitan ver a obra realizada.

O custo do proxecto é de **7.500 €**. Acompáñase orzamento efectuado pola empresa Mariña Gamma.

O local da sede da entidade está en réxime de aluguer. O contrato vixente remata o 25 de outubro de 2030. A actuación está previsto que se realice entre o 1 de abril e o 29 maio de 2024.

Para os efectos do art. 21.7 e 27 da Resolución de convocatoria, declaro que os bens inmoables rehabilitados destinaranse ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante un período mínimo de cinco anos, e as obras obxecto da solicitude non corresponden a establecementos hostaleiros ou calquera tipo de explotación comercial que funcione dentro das instalacións da entidade.

Lugar, data

Sinatura do/a presidente/a

Nome do/a presidente/a

Selo da entidade